

ACTA DA MESA COORDINADORA DAS ELECCIÓNS A XUNTA DE PDI

Con data 25/03/2019 reúnese na Sala de Xuntas nº 1 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais do Campus Lagoas-Marcosende a Mesa Coordinadora das Eleccións a Xunta de PDI en presenza do seu Presidente, don José Luis Fernández Méndez, e dos seus vogais, don Manuel María Varela Lafuente e don David Patiño Vilas, actuando este último como Secretario. Estando presentes a representación dos sindicatos CSIF, CIG, UGT e CCOO.

A Mesa Coordinadora acorda:

1. Aprobar o censo definitivo de electores e elixibles (Anexo I), fixando como data para a súa publicación nos taboleiros de anuncios dos rexistros da Universidade o día 26 de marzo de 2019.
2. Fixar en 21 (vinte e un) o número de representantes que hai que elixir (Anexo II).
3. Aprobar o procedemento de voto por correo segundo o establecido no artigo 19 do Real Decreto 1846/94, e acordar que pode solicitarse e emitirse o voto por correo nos rexistros da Universidade, como o precedente nas eleccións do ano 2015, vistas as deliberacións previas dos membros presentes na reunión e tendo en conta que non contradí a normativa vixente e que presenta evidentes vantaxes (Anexo III).
4. Fixar, consonte o calendario electoral aprobado, o prazo de presentación de candidaturas dende o 27/03/2019 ao 08/04/2019, ambos incluídos (Anexo IV).
5. Incorporación de oficio no censo de funcionarios como elector, sen ostentar o carácter de elixible, de D. Francisco Javier López Corrales nomeado na actualidade como persoal eventual ocupando a Vicexerencia de economía, segundo o artigo 14.4 do R.D. 1846/1994.
6. Fixar a data da vindeira reunión para o próximo 9 de abril ás 10:30.

Todo o cal queda reflectido na presente Acta que, unha vez lida e coa conformidade dos membros da Mesa, asinan tódolos presentes e eu, como Secretario, CERTIFICO.

Vigo, 25 de marzo de 2019

O Presidente




José Luis Fernández Méndez

O Secretario




David Patiño Vilas

O Vogal




Manuel María Varela Lafuente

Pola CSIF




36057758 Y

Por UGT


76.990812-2


Por CCOO



31925844F

Pola CIG



332453414C

ACTA DA MESA COORDINADORA DAS ELECCIÓNS A COMITÉ DE EMPRESA DE PDI LABORAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA


Con data 25/03/2019 reúnese na Sala de Xuntas I do Edificio Exeria do Campus Lagoas-Marcosende de Vigo a Mesa Coordinadora das Eleccións a Comité de Empresa de PDI Laboral da provincia de Pontevedra en presenza da súa presidenta, dona M^a Mercedes Álvarez Lires, e dos seus vogais, don Jacinto Lareo Jiménez e dona María Rico Vázquez, actuando esta última como secretaria. Estando presentes unha representación dos sindicatos CSIF, CIG, UGT e CCOO a Mesa Coordinadora acorda:

1. Aprobar o censo de electores e elixibles (Anexo I), fixando como data para a súa publicación nos taboleiros de anuncios dos rexistros da Universidade o día 26 de marzo de 2019. Respecto das reclamacións ao censo electoral provisional, tómanse os acordos seguintes:
 - a) Establécese o centro de adscripción en función do nomeamento ou o contrato.
 - b) Rexéitanse as reclamacións do persoal do colectivo L7 debido a súa diversidade de funcións e situacións administrativas, polo que no poden ser considerado Persoal Docente e Investigador.
 - c) Acéptase incluír como persoal elector ao colectivo de investigadores distinguidos que accedeu a través da convocatoria publicada na Resolución Reitoral de 15 de novembro de 2018 na que se lle recoñecen labores docentes e investigadoras.
Poderán ser elixibles, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no Estatuto dos Traballadores (art. 69.2), e que nos seus contratos, tanto continuos como discontinuos, estivese contemplada a docencia e a investigación.
 - d) Aceptar as reclamacións presentadas por D. Pablo Breogán Sánchez Vázquez e D^a M^a Asunción Lorenzo Rial a efectos do recoñecemento da antigüidade.
2. Fixar en 17 (dezasete) o número de representantes que hai que elixir na provincia de Pontevedra (Anexo II).
3. Aprobar o procedemento de voto por correo segundo o establecido no artigo 19 do Real Decreto 1844/94, e acordar que pode solicitarse e emitirse o voto por correo nos rexistros da Universidade, como o precedente nas eleccións do ano 2015, vistas as deliberacións previas dos membros presentes na reunión e tendo en conta que non contradí a normativa vixente e que presenta evidentes vantaxes (Anexo III).
4. Fixar, consonte o calendario electoral aprobado, o prazo de presentación de candidaturas dende o 27/03/2019 ao 08/04/2019, ambos incluídos (Anexo IV).
5. Fixar a data da vindeira reunión para o próximo 9 de abril ás 11:30.

Todo o cal queda reflectido na presente Acta que, unha vez lida e coa conformidade dos membros da Mesa, asinan todos os presentes e eu, como secretaria, CERTIFICO.


Vigo, 25 de marzo de 2019

A Presidenta




M^a Mercedes Álvarez Lires

A Secretaria




María Rico Vázquez

O Vogal




Jacinto Lareo Jiménez

Pola CSIF




36059958 - 7

Por UGT




176.980812-7

Por CCOO



34955844 F

Pola CIG



36059958 - 7

ACTA DA MESA COORDINADORA DAS ELECCIÓNS A COMITÉ DE EMPRESA DE PDI LABORAL DA PROVINCIA DE OURENSE

Con data 25/03/2019 reúnese no Edificio Facultades-Sala profesores-4º Andar- Campus Ourense a Mesa Coordinadora das Eleccións a comité de Empresa de PDI Laboral da provincia de Ourense en presenza do seu Presidente, don Adolfo Pérez Abellás, e dos seus vogais, don Hipólito Puente Carracedo e dona Laura Meno Fariñas, actuando esta última como Secretaria. Estando presentes a representación dos sindicatos CIG-ENSINO

A Mesa Coordinadora acorda:

1. Aprobar o censo definitivo de electores e elixibles (Anexo I), fixando como data para a súa publicación nos taboleiros de anuncios dos rexistros da Universidade o día 26 de marzo de 2019. Respecto das reclamacións ao censo electoral provisional, tómanse os acordos seguintes:

Admitir as seguintes reclamacións:

- 1 Emilio García Roselló
 - 2 Constantino Cordal Rodríguez
 - 3 Gonzalo Astray Dopazo
 - 4 Paul Swagemakers
2. Fixar en 9 (nove) o número de representantes que hai que elixir na provincia de Ourense (Anexo II).
 3. Aprobar o procedemento de voto por correo segundo o establecido no artigo 19 do Real Decreto 1846/94, e acordar que pode solicitarse e emitirse o voto por correo nos rexistros da Universidade, como o precedente nas eleccións do ano 2011, vistas as deliberacións previas dos membros presentes na reunión e tendo en conta que non contradí a normativa vixente e que presenta evidentes vantaxes (Anexo III).
 4. Fixar, consonte o calendario electoral aprobado, o prazo de presentación de candidaturas dende o 27/03/2019 ao 08/04/2019, ambos incluídos (Anexo IV).
 5. Fixar a data da vindeira reunión para o próximo 9 de abril de 2019


Todo o cal queda reflectido na presente Acta que, unha vez lida e coa conformidade dos membros da Mesa, asinan tódolos presentes e eu, como Secretario, CERTIFICO.

Vigo, 25 de marzo de 2019


O Presidente

A Secretaria


O Vogal



Adolfo Pérez Abellás



Laura Meno Fariñas



Hipólito Puente Carracedo

DILIXENCIA:

Faite constar que por erro, Emilio García Roselló foi incluído no censo de electores e elixibles como admitido no punto 1 desta Acta. Polo que non está elixible.
Ourense, 29 de Marzo de 2019